



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE LALÍN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ALDEA DOS OFICIOS

MEMORIA

Ao abeiro do establecido no artigo 4.f) da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público Acordo de Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre Convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares (DOG núm. 82, do 30.04.1991), expóñense os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa formalización dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e o Concello de Lalín para o desenvolvemento dun programa de actuacións de dinamización comercial *Aldea dos Oficios*.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, en adiante, a consellería, é o órgano encargadode exercer as competencias que en materia de comercio interior atribúe á nosa comunidade autónoma o artigo 30.l.4 do Estatuto de autonomía de Galicia en relación co disposto no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e no Decreto 49/2024, de 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías.

O Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración establece que lle corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da consellería en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización, o desenvolvemento do comercio, a programación e xestión de axudas destinadas aestes fins e o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Neste marco de referencia, o 31 de marzo de 2025 aprobouse polo Consello da Xunta o Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, que ten como finalidade incrementar a competitividade do comercio galego apoiándose na modernización, a innovación, a sostibilidade e as novas tecnoloxías, así como consolidar un sector profesional, cualificado e fortalecido que promova o consumo responsable e desenvolva unha actividade comercial sostible.

A dinamización do comercio de proximidade constitúe un obxectivo estratéxico da Xunta de Galicia, especialmente nos concellos que, pola súa estrutura económica e demográfica, precisan reforzar a competitividade do seu tecido comercial e garantir unha oferta suficiente e atractiva para a cidadanía. Neste contexto, as feiras locais, os mercados tradicionais, as campañas de incentivo ao consumo e os programas de revitalización das prazas de abastos son ferramentas fundamentais para fortalecer o comercio minorista, atraer visitantes, promover o produto local e consolidar espazos de encontro social e económico.

O Concello de Lalín vén desenvolvendo nos últimos anos a campaña de dinamización comercial "Aldeas de Nadal de Lalín", que logrou consolidar o municipio como un referente do Nadal en Galicia a través dunha experiencia inmersiva única que fusiona a tradición, a cultura propia, a dinamización da economía local e un modelo de turismo sostible.



Para a edición do Nadal de 2026, o concello pretende dar un paso máis e avanzar cara a unha proposta de vangarda e alto valor engadido coa creación do proxecto Aldea dos Oficios. Esta iniciativa, obxecto do presente convenio, parte da experiencia consolidada das Aldeas de Nadal e evoluciona cara a un modelo avanzado de creación de espazos inmersivos centrados nos oficios tradicionais e na posta en valor da artesanía galega como elemento identitario e diferenciador.

O proxecto ten como finalidade recuperar, visibilizar e actualizar os oficios tradicionais galegos, coiro, cestería, olería, luthería, traballos téxtiles, entre outros, mediante intervencións artísticas contemporáneas e a recreación de contornas que permitan ao público experimentar directamente con estas técnicas. A proposta busca activar o seu potencial dinamizador para xerar un impacto directo na actividade comercial e turística do municipio e da súa comarca, favorecendo a creación de emprego, fortalecendo o tecido económico local e contribuíndo á proxección de Lalín como destino cultural e artesanal de referencia.

Este enfoque entronca directamente coas liñas de actuacións impulsadas por esta Dirección Xeral de Comercio, a través da Fundación Artesanía de Galicia, como o programa *Aprender da tradición. Oficios e técnicas*, destinado á conservación, transmisión e profesionalización dos oficios artesanais, á capacitación dos artesáns e á captación de novos talentos que garantan a remuda xeracional do sector. Así a proposta Aldea dos Oficios complementa e reforza estes obxectivos ao ofrecer un espazo de aprendizaxe activa, demostración e divulgación pública dos procesos artesanais, contribuíndo á sensibilización social e á valorización do patrimonio inmaterial galego

Así mesmo, o proxecto está plenamente aliñado co Plan Estratéxico do Comercio de Galicia 2025-2030, aprobado polo Consello da Xunta, o 31 de marzo de 2025, ao contribuír aos obxectivos das accións 1.6.2 e 1.6.3, ao promover o contacto da mocidade cos oficios artesanais e favorecer a remuda xeracional mediante actividades divulgativas e experiencias formativas; da acción 2.7.4, ao impulsar a sensibilización e o coñecemento dos oficios entre a poboación máis nova; das accións 2.7.1 e 2.7.2, ao reforzar a comercialización e a visibilidade da artesanía galega a través de novos espazos e fórmulas de promoción; e da acción 2.7.3, ao contribuír á posta en valor da vinculación entre artesanía e territorio.

En consecuencia, existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme aos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia no financiamento deste convenio para a concesión dunha subvención directa de carácter singular ao Concello de Lalín, ao tratarse de actuacións que contribúen de maneira directa á modernización do comercio local, á dinamización económica e á mellora da calidade de vida da cidadanía.

O orzamento total deste convenio ascende a sesenta e sete mil setecentos sesenta euros (67.760,00 €), IVE engadido.

A consellería achegará a cantidade de sesenta mil novecentos oitenta e catro euros (60.984,00 €), equivalentes ao 90 % do custo total das actuacións, IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 14.06.751A.761.3 do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 e 2027, coa fonte de financiamento de fondos propios libres (1010) e proxecto de investimento 2015.00275.

O Concello de Lalín financiará o resto do orzamento, na cantidade de seis mil setecentos setenta e





seis euros (6.776,00 €), IVE engadido, ata acadar o importe total da actuación, que ascende a 67.760,00 € (IVE incluído).

De acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ao tratarse dun convenio de carácter plurianual, a súa formalización require a autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Todo iso faise ao abeiro da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como consonte a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, naquilo que resulte aplicable, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Consideraranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos necesarios para a realización das accións do proxecto de Aldea dos Oficios promovido polo Concello de Lalín, sempre que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 28 de febreiro de 2027.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 marzo de 2027.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Comercio e Consumo
Gabriel Alén Castro

